

Os estudos galegos no Rio de Janeiro

MARIA DO AMPARO TAVARES MALEVAL

Universidade do Estado do Rio de Janeiro

0. INTRODUCCIÓN

O estudo da lingua, da literatura e da cultura galegas encontrou solo fértil para o seu cultivo nos Institutos de Letras da Universidade Federal Fluminense e da Universidade do Estado do Rio de Janeiro. Situados en cidades ás marxes da bahía de Guanabara, respectivamente Niterói e Rio de Janeiro, transformáronse en portos a onde chegan sistematicamente intelectuais e libros que nos traen de Galicia; non apenas leccións sobre unha lingua á que nos ligamos pola orixe, senón tamén sobre unha literatura e unha cultura particularmente fecundas e nas cuais nos recoñecemos en moitos trazos. Por tanto, das rías ao Rio, usando a expresión do poeta carioca de ascendencia galega Reynaldo Valinho Alvarez, estableceuse un produtivo diálogo, sobre o que falaremos a seguir.

1. O NÚCLEO DE ESTUDOS GALEGOS (NUEG) DA UFF

Comezaremos pola Universidade Federal Fluminense, onde todo empezou. Baixo a coordinación da Profa. Maria do Amparo Tavares Maleval, realizouse en 1991 un curso de extensión sobre Lingua e Literatura Galegas a cargo da Profa. Teresa Fandiño Barreiro, enviada pola Consellería de Educación e Formación Universitaria da Xunta de Galicia; e para pechar o mesmo, as Xornadas de Cultura Galega, sendo publicadas as conferencias en *Cadernos de Letras 5 - Aspectos de Cultura Galega*, publicación do Instituto de Letras da UFF, Niterói. Foi, a partir de entón, proxectada a creación dun Núcleo de Estudos Galegos, oficializado pola Norma de

Servicio n. 400/94 do Magnífico Reitor da Universidade Federal Fluminense, Prof. José Raimundo Martins Romeo, de 10 de Xaneiro de 1994.

Sediado no Instituto de Letras da UFF, sala 216 - Campus de Gragoatá, baixo a dirección dos Profesores Maria do Amparo Tavares Maleval e Fernando Ozório Rodrigues e coa colaboración de alumnos-bolsistas, o NUEG vén realizando eventos, cursos e publicacións, de carácter interdisciplinar, relacionados con Galicia.

En 1994 foi asinado un Convenio de Colaboración entre a UFF e a Consellería de Educación e Formación Universitaria da Xunta de Galicia, coa finalidade de fomentar e realizar actividades para a divulgación da lingua, literatura e cultura galegas en xeral. En conmemoración, neste mesmo ano realizáronse as II Xornadas UFF de Cultura Galega, e os seus *Anais* foron publicados en Santiago de Compostela pola Xunta de Galicia no ano 1995.

Ademais de proporcionar a ida de alumnos e profesores a Galicia para participar nos Cursos de Verán de Galego para Estranxeiros, entre os principais servizos prestados polo NUEG podemos citar:

1.1. Ofrecemento de Cursos de Extensión sobre a lingua, a literatura e a cultura galegas en xeral

1.1.1. No Instituto de letras da UFF, impartidos polos seguintes profesores:

- Prof. Dr. Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña): «Literatura Galego-Portuguesa Medieval»– abril-maio de 1995.
- Prof. Francisco Singul (Consellería de Cultura da Xunta de Galicia): «O Caminho de Santiago: História, Arte e Literatura em torno à Peregrinação ‘Occidental’»– setembro de 1996 .
- Profa. Dra. María Sol López Martínez (Universidade de Santiago de Compostela): «Curso de Extensão Universitária sobre a Língua Galega»– outubro de 1997 (curso ofrecido tamén no Instituto de Letras da UERJ).
- Profa. Lydia Fontoira (Universidade de Santiago): «A Língua e a Literatura Galega na Idade Média»– setembro de 1998 (curso ofrecido tamén no Instituto de Letras da UERJ).
- Profa. Beatriz Gradaílle (Lectora de Galego da UERJ): «Algúns aspectos da lingua literaria galega»– 1999.
- Prof. Dr. Fernando Ozório Rodrigues (Universidade Federal Fluminense): «Leitura e comentários filológicos de textos medievais galego-portugueses»– xuño-xullo de 2002.
- Prof. Dr. Manuel Pedro Ferreira (Universidade Nova de Lisboa): «A música na Idade Média e no Renascimento»– dezembro de 2002 (evento organizado en colaboración co Departamento de Difusão Cultural da UFF, tendo como idealizadores os membros do Conjunto de Música Antiga da UFF).

- Prof. Dr. Xoán Carlos Lagares Diez (Universidade da Coruña): «A Literatura Galega Contemporánea e o Processo de Emergência Cultural da Galicia»– outubro-novembro de 2002. «O galego contemporáneo: gramática e discurso»– xuño-xullo de 2003.
- Prof. e Poeta Reynaldo Valinho Alvarez (Pen Clube do Brasil): «Poesia Galega Contemporánea»– 2005.
- Prof. Baltasar Pena Abal (Lector de galego da UERJ): «Curso de Extensão de Língua, Literatura e Cultura Galegas»– xuño-xullo de 2006.

1.1.2. No Instituto de Língua Portuguesa do Liceu Literário Português (Rio de Janeiro), impartidos polos seguintes profesores:

- Profs. Drs. Fernando Ozório Rodrigues e Xoán Carlos Lagares; poeta Reynaldo Valinho Alvarez: «O galego e o portugués: estudo comparativo»– novembro de 2003.
- Profª. Mestra Susana Álvarez Martínez (UFF): «Rosalia de Castro e a herança céltica»– setembro-outubro de 2004.
- Prof. Dr. Fernando Ozório Rodrigues (UFF): «Leitura e comentários de textos medievais galego-portugueses»– novembro de 2004.
- Prof. Baltasar Pena Abal (Lector de Galego da UERJ): «Curso de Extensão de Língua, Literatura e Cultura Galegas»– xuño-xullo de 2006.

1.2. Produción de CD (coa colaboración do Programa de Estudos Galegos da UERJ)

1.2.1. En 1995: *Cánticos de amor e louvor*, con cantigas de Martin Codax e Alfonso X, polo Conxunto de Música Antiga da UFF.

1.2.2. En 1999: *Annua Gaudia*, con música do Camiño de Santiago, que era cantada por trovadores e peregrinos xacobeos, polo Conxunto Longa Florata.

1.2.3. En 2005: *Medievo Nordeste*, con cantigas de Santa María e outras pezas medievais, coas que se relacionan cantares do folclore brasileiro, tamén interpretados no CD, polo Conxunto de Música Antiga da UFF.

1.3. Publicacións

1.3.1. Publicación da Serie *Estudos Galegos*, en colaboración co PROEG-UERJ, pola EDUFF, con catro números publicados (1996-1998-2000-2004), máis o quinto que se encontra no prelo. Os libros da serie son compostos de textos de diversas autorías: estudos, antoloxía, recensións e noticias. Vén tendo entre os seus colaboradores escritores renomeados, como Nélida Piñon, e profesores-investigadores de relevantes centros universitarios de Brasil e de Galicia. Ábrese tamén a novos investi-

gadores, coa condición de que sexan recomendados por algún membro do Consello Editorial da serie.

1.3.2. Publicación, en colaboración co PROEG-UERJ, do libro *Das rias ao mar oceano* - poemas de Reynaldo Valinho Álvarez (Rio de Janeiro, 2000), poeta brasileiro de orixe galega. Neses poemas, o poeta refírese ás súas orixes galegoportuguesas, á diáspora galega, a aspectos do territorio e da cultura de Galicia, xunto a profundas reflexións sobre a existencia humana. Trátase do quinto volume da serie *Raízes* da Editora Agora da Ilha / H. P. Comunicação, que ten por finalidade a publicación de ensaios e textos ligados aos fundamentos da cultura brasileira, principalmente galegoportugueses.

1.3.3. Publicación, en colaboración co PROEG-UERJ, de *Maravilhas de São Tiago*: narrativas do Liber Sancti Jacobi - Codex Calixtinus, de Maria do Amparo Tavares Maleval (Niterói: EdUFF, 2005). Trátase dun estudo sobre as orixes da peregrinación a Santiago de Compostela seguido de Antoloxía bilingüe (latín-portugués) con narrativas do Códice do século XII sobre a traslación do corpo apostólico da Palestina a Galiza, a apertura dos camiños xacobeos por Carlos Magno e os milagres de Santiago considerados auténticos pola Igrexa.

1.3.4. Publicación, en colaboración co PROEG-UERJ, de *As Cantigas de Santa Maria*: un estilo gótico na lírica ibérica medieval, da autoría de Bernardo Monteiro de Castro (2006). Estudo dos trazos definidores do estilo gótico nas cantigas marianas alfonsinas como unha consecuencia de mudanzas profundas, no nivel da visión de mundo, en que o espazo, o tempo, a natureza, Deus e o «si mesmo» preséntanse concebidos nunha nova forma, diferindo esencialmente da arte románica anterior. Coa colaboración do NUEG.

1.4. Doazóns

Véñense facendo doazóns frecuentes á Biblioteca Central do Campus de Gragoatá, da UFF, de libros e xornais galegos, enviados pola Xunta de Galicia e por outras entidades galegas e de fóra de Galicia, obras que compoñen a Estante Galega da Biblioteca. Este acervo, desta forma, se encontra en constante ampliación e actualización.

1.5. Realización de eventos

Realizacións de sesións anuais conmemorativas do Día das Letras Galegas, 17 de maio, ben como de Xornadas de Cultura Galega, Mostras de Cine Galego e conferencias illadas ou relacionadas a outras datas importantes da Galicia, como o 25 de xullo, día de Santiago e da Patria galega. Nesas oportunidades, ten contado coa participación dos seguintes docentes: Maria do Amparo Tavares Maleval (UFF-UERJ), Fernando Ozório Rodrigues (UFF), Xoán Carlos Lagares (UDC-USP-UFF), Beatriz

Gradaïlle (UERJ), Edmundo Moure Rojas (Universidade de Santiago do Chile), Reynaldo Valinho Alvarez (Pen Clube do Brasil), Ângela Vaz Leão (PUC Minas), Jane Valle da Silva e Baltasar Pena Abal (UERJ). Tamén son realizadas presentacións de libros e CD, con conferencias e concertos dos Conjuntos Longa Florata e Música Antiga da UFF.

1.6. Colaboracións

1.6.1. Colaboración na organización de eventos organizados ou apoiados polo Programa de Estudos Galegos da UERJ, como o *III Encontro Internacional de Estudos Medievais da ABREM*, realizado na UERJ do 7 ó 9 de Xullo de 1999, o Seminario *Atualizações da Idade Media*, realizado na UERJ o 23 e 24 de Outubro de 2000 e o *I Encontro do GT de Estudos Medievais da ANPOLL* e *X Mostra UERJ de Cultura Galega*, realizados na UERJ de 28 a 30 de novembro de 2005.

1.6.2. Colaboración coa Secretaria de Cultura da Prefeitura Municipal de Niterói no evento «Niterói – Encontro com Espanha» (abril de 2006), a través da organización de dúas mesas redondas, en 27/04, coordinadas por Maria do Amparo Tavares Maleval, coa participación dos escritores galegos Cesáreo Sánchez Iglesias, J. Carlos Quiroga Díaz e Marta Dacosta Alonso, nas cuais os referidos escritores presentaron os seus puntos de vista sobre a cultura e a literatura galega contemporánea.

2. O PROGRAMA DE ESTUDOS GALEGOS (PROEG) DA UERJ

A este frutífero labor do Núcleo de Estudos Galegos da UFF xuntáronse as igualmente fecundas actividades realizadas no Instituto de Letras da UERJ, coa creación do Programa de Estudos Galegos nesta universidade.

O Programa de Estudos Galegos (PROEG) foi oficializado por Ato do Magnífico Reitor Antônio Celso Alves Pereira, o 23 de Xullo de 1996, e está situado na sala 11.020 - bloque A do Instituto de Letras da UERJ, Campus de Maracanã. Coordinado pola Profa. Maria do Amparo Tavares Maleval, que conta coa colaboración de alumnos bolsistas, ten como obxetivos primordiais desenvolver e estimular actividades relativas ao ensino e á investigación relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas en xeral; así como promover o intercambio cultural con Galicia.

En 1998 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a UERJ para a creación dun Lectorado de Galego no PROEG, que tivo como primeira Lectora a Beatriz Gradaïlle Martínez (1999-2004), sucedida por Baltasar Pena Abal (2004-...).

O PROEG está transferindo centenas de volumes de libros e revistas galegos, que adquiriu ou recebeu da Xunta de Galicia, á Biblioteca do CEH (Centro de Educa-

ción e Humanidades) da UERJ, buscando ofrecer un mellor servizo de préstamo e consulta á comunidade universitaria. Alén de proporcionar esta fonte de coñecemento aos que se interesen academicamente pola comunidade autónoma galega, ten proporcionado a ida de alumnos e profesores a Galiza para os Cursos de verán de Lingua Galega para Estranxeiros.

E, no cumprimento dos seus obxectivos, vén realizando sistematicamente actividades de ensino, extensión e investigación, a saber:

2.1. Actividades de ensino

2.1.1. No nivel da Graduación, desde 1999 as disciplinas de Lingua e Literatura Galega integran o currículo do Curso de Letras da UERJ como materias optativas. Ofrécese catro cursos por semestre, impartidos polo(a) lector(a), seguindo actualmente os seguintes programas:

- Lingua Galega I - Lingua e cultura galegas: Historia da lingua – Das orixes á actualidade.
- Lingua Galega II - Lingua e sociedade: bilingüismo e diglosia. «Normalización» e «normativización». Introdución ao universo cultural galego: Antropoloxía, xeografía física e humana, feitos históricos e políticos máis relevantes, manifestacións artísticas.
- Literatura Galega I - A prosa medieval xacobeá. As cantigas trobadorescas atribuídas a autores galegos ou que se refiren á xeografía galega. A importancia de Santiago de Compostela na Idade Media como centro aglutinador e xerador de cultura.
- Literatura Galega II - O primeiro Rexurdimento da Literatura Galega: Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez.
- Literatura III - Principais autores desde o Segundo Rexurdimento (Grupo Nós) ata a actualidade.

2.1.2. No nivel da Posgraduación, a Profa. Dra. Maria do Amparo Tavares Maleval vén ensinando nos cursos de Mestrado e Doutoramento sobre a literatura medieval galegoportuguesa e sobre literatura comparada, incluíndo aí a literatura galega, principalmente a que se desenvolve na actualidade a partir de temas e/ou personaxes e/ou formas medievais, vista en relación coa cuestión identitaria.

2.2. Actividades de extensión

Alén da docencia, o lectorado de galego do PROEG vén promovendo a difusión da lingua, literatura e cultura galegas mediante a realización de diversas actividades tanto dentro como fóra da UERJ. Entre elas, destacamos:

2.2.1. Todos os anos realízanse actividades conmemorativas do Día das Letras Galegas (conferencias, recitais poéticos, exhibición de filmes, contadores de historias, exposicións de imaxes e textos, etc.) tanto na UERJ coma no Instituto de Letras da UFF, en Niterói, en colaboración co Núcleo de Estudos Galegos da UFF (NUEG).

2.2.2. Véñense facendo, tamén con carácter anual, Mostras de Cultura Galega –mostras gastronómicas, mostras de cine, de danza e música galega–, ben como presentacións de libros e CD, publicados ou producidos polo PROEG ou en colaboración co NUEG, coa participación das «Peñas Galegas» do Rio (da Casa de España do Rio de Janeiro e do Clube Español de Niterói).

2.2.3. O PROEG tamén ten participado da organización de eventos promovidos por outras entidades como a ABREM (Associação Brasileira de Estudos Medievais), o Pem (Programa de Estudos Medievais da UFRJ) e a ANPOLL (Associação Nacional de Pós-Graduação em Letras e Lingüística), a saber: o *III Encontro Internacional de Estudos Medievais*, celebrado na UERJ do 7 ó 9 de Xullo de 1999; o *Seminario Atualizações da Idade Média*, realizado o 23 e 24 de Outubro do 2000; as *Semanas de Estudos Medievais* do Pem-UFRJ, sendo a VI Semana realizada de 25 a 27 de outubro de 2005; o *I Encontro do GT de Estudos Medievais* da ANPOLL, realizado na UERJ de 28 a 30 de novembro de 2005; e o I Encontro Regional da ABREM, de 7 a 9 de novembro de 2006 na UERJ.

2.3. Actividades de investigación

Xunto ao PROEG véñense desenvolvendo os seguintes proxectos de investigación:

2.3.1. *Um mar no meio: o discurso de imigrantes galegos no Rio de Janeiro* é o traballo de investigación desenvolvido pola ex lectora Beatriz Gradaílle Martínez e que constituíu a súa tesina de Mestrado en Lingüística (UERJ). Tivo como *corpus* relatos de historias de vida –recollidos mediante entrevista– de inmigrantes galegos anciáns residentes no Rio. A investigación ancorase nos presupostos teórico-metodolóxicos da corrente de estudos da linguaxe coñecida como Análise do Discurso de base enunciativa, tendo como obxectivo principal reflectir sobre a construción discursiva de posibles sentidos para a noción de identidade cultural, así como identificar a que tipos de identidade apuntan eses sentidos. Foi publicada polo PROEG en 2004.

2.3.2. «Atualizações da Idade Média», proxecto de investigación que vén sendo desenvolvido pola Profa. Dra. Maria do Amparo Tavares Maleval no Instituto de Letras da UERJ, rastrexando: na súa primeira etapa, influencias ou actualizacións da lírica trobadoresca na poesía brasileira contemporánea; na segunda, as actualizacións do medioevo na prosa luso-galaico-portuguesa; e na terceira, esas actualizacións no teatro (luso-galego-brasileiro). Os resultados foron publicados en libros en 1999, 2000, 2002 e 2005 (ver abaixo), alén de en numerosos artigos en revistas especializadas en

Brasil e en Galicia. Participaron da pesquisa alumnos de Iniciación Científica, Mestrado e Doutoramento, resultando, entre outras, para só relacionarmos as que directamente inciden sobre a literatura galega, nas seguintes teses e tesinas:

2.3.2.1. *A releitura da tradición artúrica en Galván en Saor* –tesina de Mestrado de Maria Carolina V. Vieira–, defendida en 29/08/05.

2.3.2.2. *A ‘matéria de Bretanha’ en narrativas de Álvaro Cunqueiro e Mendez Ferrín* (título provisional) –tesina de Mestrado de Caroline Moreira dos Reis– a ser defendida ata marzo de 2007.

2.3.2.3. *Traços de cantigas ‘de fonte’ medievais en cantigas brasileiras de lavadeiras* (título provisional) –tesina de Mestrado de Sâmara T. de Ataíde– a ser defendida ata marzo de 2008.

2.3.2.4. *O erotismo nos Carmina Burana e nas cantigas dos trovadores medievais dos trovadores galego-portugueses* (título provisional) – tese de Doutoramento de Henrique M. Samyn, en proceso.

Obs.: A actual bolsista de Iniciação Científica, Juliene K. Zanardi, traballa co tema «Inês de Castro», a súa documentación na historiografía e as posteriores actualizacións en textos para o teatro en Portugal, en Galicia e en Brasil.

2.3.3. «O proceso de emerxencia lingüística e literaria na Galicia e no Brasil», investigación sobre a literatura fundacional galega e brasileira, a súa relación cos modelos colonizadores, o papel da oralidade nesa constitución, as actualizacións do medievo, a descrición das linguas galega e portuguesa de Brasil. Trátase dun Proxecto de Cooperación Internacional entre a UERJ e a UDC, subvencionado en Brasil pola CAPES/MEC e en España polo MECD. Participantes da UDC: Francisco Salinas Portugal (coordinador do grupo galego), Carlos Paulo Martínez Pereiro, Manuel Ferreiro, Laura Tato, Teresa López, Goretti Sanmartín Rei, Xosé Manuel Sánchez Rei, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Carme Fernández Pérez Sanjulián, Iolanda Ogando, María Pilar García Negro. Participantes da UERJ: Maria do Amparo Tavares Maleval (coordinadora do grupo brasileiro), José Carlos Azeredo, Delia Cambeiro, Carlinda F. P. Nunez, João César de Castro Rocha, Nadiá Paulo Ferreira, Sérgio Nazar David, Maria Helena S. Fontes, Flávio Garcia, Marcus A. Motta. Produtos: dous Seminarios (realizados o primeiro na UERJ, de 30 de xuño a 1 de xullo de 2003, e o segundo na UDC, de 24 a 26 de novembro de 2004) e dous libros (publicados un en Brasil, en 2003, e outro en España en 2006).

2.3.4. «O ser e o devir: o problema da Paisagem em Ramón Otero Pedrayo», investigación de Posdoutoramento desenvolvida por Josias Abdalla Duarte, no período de 01/10/04 a 30/09/06, supervisada pola Profa. Doutora Maria do Amparo Tavares Maleval. Trátase dun desdoblamento de tese doutoral, sobre Pedrayo e Murguía,

defendida en decembro de 2003 no Programa de Comunicación e Semiótica da Pontificia Universidade Católica de São Paulo. O acervo do PROEG fixo posible a ampliación da bibliografía, así como retomar discusións anteriormente iniciadas, dando como resultados: a comunicación ‘Paisagem e lonxanía das notas de Ramón Otero Pedrayo para a Poética de Rosalía de Castro à teoría da *Paisaxe Galega*’ presentada no *VII Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas* celebrado na cidade de Santiago de Compostela do 18 a 23 de xullo de 2005; o artigo «A elección do arcebispo dom Diogo Gelmíres a fundador da Galiza na historiografía de Manuel Martínez Murguía» a ser publicado en *Estudos Galegos 5*; ben como un texto máis abranxente, inédito, a ser presentado en aula-conferencia conclusiva do período de Posdoutoramento.

2.3.5. *A retórica das hagiografías medievais galego-portuguesas* – investigación que será desenvolvida a partir de outubro de 2006 pola Profa. Dra. Maria do Amparo Tavares Maleval. Comezará polo exame da retórica no *Liber Sancti Jacobi (Codex Calixtinus)* do século XII, a concepción de santidade que esa retórica vehicula, partindo de aí ao cuestionamento sobre os límites dese xénero literario a través da confrontación con outros textos haxiográficos e crónicas, relixiosas e laicas, producidos en Galicia e en Portugal nos séculos XIV, XV e XVI. Entre eles os *Miragres de Santiago*, a *Crónica de Santa Maria de Iria*, a *Crónica de D. João I* de Fernão Lopes e o *Flos Sanctorum en lingoagen*, de 1513.

2.4. Publicacións

As investigacións mencionadas deron como produtos –alén de artigos publicados en xornais especializados en Brasil e no exterior, comunicacións e conferencias en encontros científicos etc.– diversos libros, algúns deles publicados en colaboración con outras institucións académicas (como a UFF e a UDC):

2.4.1. *Estudos galegos 1*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval (1996). Reunión de textos de escritores, investigadores e profesores universitarios brasileiros sobre a Galiza e a súa cultura, particularmente a Idade Media e o Trobadorismo, o Rexurdimento, o Neotrobadorismo e a literatura da diáspora. En colaboración co NUEG-UFF.

2.4.2. *Estudos galegos 2*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval (1998). Reunión de textos de escritores, investigadores e profesores universitarios brasileiros e galegos sobre a Galiza e a súa cultura, notadamente o Trobadorismo, o Camiño de Santiago, a Galiza sueva, a literatura galega contemporánea e a da diáspora, etc. En colaboración co NUEG-UFF.

2.4.3. *Peregrinação e poesia*, da autoría de Maria do Amparo Tavares Maleval (1999). Estudo de algúns aspectos do Trobadorismo medieval galego-portugués e as súas actualizacións no chamado Neotrobadorismo, en poesías de autores galegos, portugueses e brasileiros. E tamén da peregrinación a Santiago de Compostela como tema da poesía novecentista.

2.4.4. *O Caminho de Santiago*, da autoría de Francisco Singul (1999), con tradución ó portugués de Maria do Amparo Tavares Maleval. Historia das orixes do culto a Santiago o Maior e da peregrinación a Santiago de Compostela: os costumes dos peregrinos, os ritos, a catedral, a arte, a música, a literatura, etc., do Camiño de Santiago, enfatizando o papel do arcebispo Diego Xelmírez na construción da Era Compostelana.

2.4.5. *Atualizações da Idade Média*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval (2000). Libro dun Seminario co mesmo título, realizado no Instituto de Letras da UERJ do 23 ao 24 de outubro de 2000. Reúne estudos interdisciplinares de profesores de varias universidades brasileiras, sobre o medievo e as súas actualizacións, ben como testemuñas de escritores que retoman a Idade Media nos seus escritos.

2.4.6. *Das rias ao mar oceano*, da autoría de Reynaldo Valinho Alvarez (2000), poeta carioca de orixe galega. Poemas inspirados na diáspora galega, que nos convidan a descubrir o universo daqueles que partiron das rías e atravesaron o mar océano, movidos pola forza inesgotable da esperanza. En colaboración co NUEG-UFF.

2.4.7. *Poesia Medieval no Brasil*, da autoria de Maria do Amparo Tavares Maleval (2002). Estudo sobre o Trobadorismo e o Neotrobadorismo, seguido de Antoloxía de cantigas e romances medievais e poesías brasileiras que os retoman no século XX.

2.4.8. *Estudos galegos 3*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval (2002). Reunión de textos e estudos interdisciplinares da autoría de escritores, profesores e investigadores brasileiros e galegos sobre a historia, a lingua e a literatura galegas, da Idade Media a contemporaneidade. En colaboración co NUEG-UFF.

2.4.9. *Estudos galego-brasileiros 1*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval e Francisco Salinas Portugal (2003). Reunión de estudos inéditos realizados por profesores-investigadores da UERJ e da UDC, no ámbito do Proxecto de Cooperación Internacional sobre «O proceso de emerxencia lingüística e literaria na Galiza e no Brasil». Son, na súa maioría, reflexións sobre a lingua e a literatura relacionadas coa cuestión da identidade nacional.

2.4.10. *Un mar no meio*, da autoría de Beatriz Gradaílle Martinez (2004), lectora de galego na UERJ de 1999 a 2004. Estudo lingüístico dos discursos de anciáns galegos residentes en Rio de Janeiro e a(s) identidade(s) por eles construída(s).

2.4.11. *Estudos galegos 4*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval (2004). Reunión de textos e estudos de escritores, profesores e investigadores brasileiros e galegos sobre a lingua, a literatura, a historia galegas, etc., da Idade Media á actualidade. En colaboración co NUEG-UFF.

2.4.12. *Maravilhas de São Tiago*. Narrativas do *Liber Sancti Jacobi (Codex Calixtinus)*, da autoría de Maria do Amparo Tavares Maleval (2005). Trátase dun estudo sobre as orixes da peregrinación a Santiago de Compostela seguido de Antoloxía

bilingüe (latín-portugués) con narracións do Códice do século XII sobre o traslado do corpo apostólico da Palestina a Galiza, a apertura dos camiños xacobeos por Carlos Magno e os milagres de Santiago considerados auténticos pola Igrexa. Coa colaboración do NUEG-UFF.

2.4.13. *Poesía peregrina*, de Domingo González Cruz (2005). Antoloxía bilingüe de poemas do poeta galego residente en Rio de Janeiro, traducidos ao galego por Gonzalo Armán, tamén galego. Mostra os desdobramentos do encontro de culturas, de Galicia a Rio de Janeiro, redundando en cuestionamentos existenciais expresados en linguaxe poética que prima pola contención e pola fina ironía.

2.4.14. *Estudos galego-brasileiros 2*, organizado por Maria do Amparo Tavares Maleval e Francisco Salinas Portugal (2006). Reunión de estudos inéditos que posúen a mesma característica dos que se presentaron no número 1 da serie, inscritos no ámbito do mesmo Projeto de Cooperação Internacional cōa Universidade da Coruña, xa citado. Publicado na UDC.

2.4.15. *As Cantigas de Santa Maria: un estilo gótico na lírica ibérica medieval*, da autoría de Bernardo Monteiro de Castro (2006). Estudo dos trazos definidores do estilo gótico nas cantigas marianas alfonsinas como unha consecuencia de mudanzas profundas, no nivel da visión de mundo, en que o espazo, o tempo, a natureza, Deus e o «si mesmo» preséntanse concebidos nunha nova forma, diferindo esencialmente da arte románica anterior. Coa colaboración do NUEG-UFF.

2.4.16. *Chao galego* de Renard Pérez (2006-2007: en fase final de edición). Coletánea de contos bilingües, escritos en portugués polo autor e traducidos ao galego por Baltasar Pena Abal. A obra deste galego residente en Rio de Janeiro, Renard Pérez, pódese encadrar dentro da denominada literatura de viaxes. Nos dez capítulos que compoñen a obra, ao lado da descrición da paisaxe, dos usos e costumes galegos, así como das grandes e pequenas cidades polas que vai pasando o protagonista da obra, o autor narra o romance do conflito que se estableceu entre el e o pai. Percorrendo o Chão Galego dos seus antepasados, e collendo testemuñas de parentes sobre o seu proxenitor, o viaxeiro refai a imaxe paterna e redescobre un mundo que lle parecía perdido.

3. OUTRAS PRODUCIÓNS

Outros traballos académicos sobre a lingua e a literatura galegas, realizados en Rio de Janeiro, non xa no ámbito do PROEG e do NUEG, pero indirectamente con eles relacionados, poden ser citados, como por exemplo, na área de Letras:

3.1. *Interferência do léxico galego no português falado pelos imigrantes galegos no Rio de Janeiro* - tese de doutoramento de Alfredo Maceira Rodríguez, defendida

en 1995 na Universidade Federal do Rio de Janeiro. Dela foi publicada polo autor unha síntese, titulada «O galego hoje» en Maleval, Maria do Amparo Tavares (Org.). *Estudos Galegos 2*. Niterói: EdUFF, Rio de Janeiro; EdUERJ, 1998, p. 171-188.

3.2. *O 'realismo maravilhoso' na Ibéria atlântica: a narrativa curta de Mário de Carvalho e Mendez Ferrín*. Tese de Doutoramento de Flavio Garcia de Almeida, defendida na Pontificia Universidade Católica do Rio de Janeiro en 28 de abril de 1999, participando do Tribunal Examinador a coordinadora do PROEG, Maria do Amparo Tavares Maleval (de quen, por outra parte, o referido profesor foi orientando na UFF e colaborador do NUEG, no inicio da década dos 90). Desdobramentos desta tese encóntranse publicados en Maleval, Maria do Amparo T., SALINAS, Francisco (Orgs.). *Estudos galego-brasileiros 1 e 2*, xa citados, respectivamente: «Tendências da narrativa de Murilo Rubião e Méndez Ferrín», p. 547-558 e «Tendências da narrativa de Murilo Rubião e Méndez Ferrín: percursos estéticos aproximativos», p. 209-224.

3.3. Publicacións Dialogarts, proxecto de extensión universitária da UERJ codirixido por Flavio García, que inclúe xornais, coleccións e títulos avulsos. Nestes, destácase o título *Ler Ferrín, ler Galiza*, con estudos de Laura Tato, Francisco Salinas, Flavio García, etc.

3.4. «A forza do legado celta na obra de Rosalía de Castro» - Tesiña de Mestrado de Susana Álvarez Martínez, defendida na Universidade Federal Fluminense en febreiro 2003, participando do tribunal examinador o Profesor Fernando Ozorio Rodrigues, director en exercicio do NUEG. Foi publicada pola autora unha versión resumida en Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.). *Estudos galegos 4*. Niterói: EdUFF, 2004, p. 209-230.

4. CONCLUSIÓN

Creemos que ficou suficientemente demostrado o que afirmamos ao inicio deste relatorio: que en Rio de Janeiro os estudos galegos encontraron solo fértil para a súa proliferación. No Núcleo de Estudos Galegos da UFF, as actividades son principalmente (mais non soamente) de extensión universitaria, ofrecendo con éxito cursos e eventos ás comunidades interna e externa á UFF, alén de fomento ás publicacións de libros e producións de CD dos conxuntos Música Antiga da UFF e Longa Florata. Xa no Programa de Estudos Galegos da UERJ, alén das actividades de extensión –eventos nos que coparticipan a Universidade e as Peñas Galegas do Rio de Janeiro e de Niterói–, as actividades docentes se integran no Currículo do Curso de Letras, nos niveis de Graduación e Posgraduación. E as actividades de investigación, sistematicamente desenvolvidas, presentan produtos concretos, en forma de teses, tesinas, conferencias, libros, etc.

Importa destacar, para concluírmos, que a estreita e constante colaboración existente entre o NUEG e o PROEG, sumando esforzos, fai posible esa produtividade que acabamos de relatar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alvarez, Reynaldo Valinho (2000): *Das rias ao mar oceano*. Rio de Janeiro: Agora da Ilha. (Série Raízes, número 4.)
- González Cruz, Domingo (2005): *Poesia peregrina*. Rio de Janeiro: H. P. Comunicação (Série Raízes, número 6).
- Gradaílle Martínez, Beatriz (2004): *Un mar no meio*. Rio de Janeiro: H. P. Comunicación. (Série Raízes, número 4).
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (1992): *Cadernos de Letras 5 - Aspectos de Cultura Galega*. Niterói: Instituto de Letras da UFF.
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (1995): *Actas da II Xornadas UFF de Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (1996): *Estudos galegos 1*. Niterói: EdUFF.
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (1998): *Estudos galegos 2*. Niterói: EdUFF; Rio de Janeiro: EdUERJ.
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (1999): *Peregrinação e poesia*. Rio de Janeiro: Agora da Ilha. (Série Raízes, número 1).
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (2002): *Poesia Medieval no Brasil*. Rio de Janeiro: Agora da Ilha. (Série Raízes, número 5).
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (2002): *Estudos galegos 3*. Niterói: EdUFF.
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (2004): *Estudos galegos 3*. Niterói: EdUFF.
- Maleval, Maria do Amparo Tavares (2005): *Maravilhas de São Tiago*. Narrativas do *Liber Sancti Jacobi (Codex Calixtinus)*. Rio de Janeiro: EdUFF.

Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.) (2000): *Atualizações da Idade Média*. Rio de Janeiro: Agora da Ilha. (Série Raízes, número 3).

Maleval, Maria do Amparo Tavares & Salinas Portugal, Franciso (orgs.) (2003): *Estudos galego-brasileiros 1*. Rio de Janeiro: H. P. Comunicação Editora.

Maleval, Maria do Amparo Tavares & Salinas Portugal, Franciso (orgs.) (2006): *Estudos galego-brasileiros 2*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.

Monteiro de Castro, Bernardo (2006): *As Cantigas de Santa Maria: um estilo gótico na lírica ibérica medieval*. Niterói: EdUFF. (Série Estante Medieval, número 1).

Pérez, Renard (2006): *Chao galego*. Rio de Janeiro: H. P. Comunicação. (Série Raízes, número 7 - en fase final de edición).

Singul, Francisco (1999): *O Caminho de Santiago*. Traducción ó portugués de Maria do Amparo Tavares Maleval. Rio de Janeiro: EdUERJ.